

BASES DO SORTEO DUNHA CESTA E NADAL

1. O IES Lucus Augusti co CIF Q 7755122D e con domicilio na Avenida Rodríguez Mourelo, s/n en Lugo ten previsto realizar un sorteo dúas cestas de Nadal: unha para o primeiro premio e outra para o segundo premio para axudar a financiar o viaxe de estudos a Italia do alumnado de 1ºBAC, que se realizará no mes de marzo do 2020. Sorteo que se efectuará de conformidade ao establecido nestas bases.
2. **Período promocional:**
A promoción desenvolverase dende o 4 ao 19 de decembro 2019, ambos incluídos na comunidade autónoma de Galicia.
3. **Coste papeletas**
O coste de cada papeleta será de 1€.O importe obtido pola venda das mesmas será integramente para o alumno.
4. Pode participar calquera persoa que adquirise unha papeleta. No caso de ser premiado un menor, ten que recoller a cesta un adulto.
5. **Mecánica de participación:**
Ao longo do período mencionado os alumnos do instituto venderán papeletas por valor de 1€ para subvencionar a viaxe a Italia. O día 20 de decembro realizarase un sorteo con todos os números vendidos de esas papeletas. Os premios están expostos en conserxería do propio Centro.
6. **Celebración do sorteo e entrega do premio**
O sorteo efectuarase ao longo da mañá do 20 de Decembro. Os números premiados publicaranse na páxina web do Instituto (<http://www.edu.xunta.es/centros/ieslucusaugusti/>) ese mesmo día.
O 1er premio consiste nunha cesta de Nadal cunha tablet e o 2º premio nunha cesta de Nadal por valor de 100€.
Esta cesta tense que recoller no Centro presentando a papeleta gañadora. O premio caduca aos 20 naturais (08.01.16).
Si o gañador é un menor, o premio teno que recoller un adulto.
No caso de que non aparecese a papeleta gañadora, o Centro reservase o dereito de realizar coas restantes papeletas un novo sorteo. Ese número premiado aparecerá de novo na páxina web do Instituto. Si ao cabo de 7 días naturais ninguén reclama o premio, o Centro resérvase o dereito de considerar o premio deserto.

7. Aceptación das bases.

Se informa aos posibles participantes que o simple feito de participar na promoción implica a total aceptación das presentes bases.

O Instituto resérvase o dereito de modificar o contido das presentes bases no suposto de que aconteza calquera circunstancia imprevista que estee fora do seu control xa sexa fortuíta ou de forza maior , sen que o Instituto incorra en responsabilidade algunha fronte aos participantes, premiados ou terceiras persoas.